

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA, SALUBRIDADE E SEGURIDADE DE TERREOS, SOARES E ESPAZOS PUBLICOS , DE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E DA UTILIZACION DA MAQUINARIA FORESTAL DO CONCELLO.

(PUBLICADA NO BOP Nº 176 DE DATA 2-08-12)

CAPITULO I DISPOSICIONS XERAIS.

Artigo 1º. A presente ordenanza dítase ó abeiro das facultades concedidas polos artigos 24, en relación co 84, da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co preceptuado na Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 24 do Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística de Galicia e 1 e 10 do Real Decreto 2187/1987 do 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Disciplina urbanística, decreto do 17 de xuño de 1995 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, e artigo 80 da Lei 5/1997 do 22 de xullo da administración local de Galicia.

Artigo 2º. Esta Ordenanza ten natureza de ordenanza de policía urbana e rural e de prevención de incendios, non ligada a unhas directrices de planeamento concreto, por estar referida a aspectos de salubridade, de seguridade e puramente técnicos e estéticos co obxecto de conseguirlas condicións apropiadas de pulcritude, ornamento urbano e mellora do medio ambiente.

Artigo 3º. O ámbito de aplicación da presente ordenanza exténdese ó termo municipal de A Veiga.

Artigo 4º. Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de núcleos urbanos os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (N.S.P.M) clasifica como tales (solo urbano do núcleo de A Veiga e solo apto para urbanizar)

Artigo 5. Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de solo de núcleo rural os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (N.S.P.M) clasifica como solo de núcleo rural (zona consolidada e zona de completamento de núcleo).

Artigo 6. Para os efectos desta ordenanza terá a consideración de solo rústico os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (N.S.P.M) clasifica como solo non urbanizable (común e especialmente protexido).

Artigo 7. Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de soares as superficies de solo urbano e solo de núcleo rural aptas para a edificación

Segundo o planeamento urbanístico de aplicación directa (N.S.P.M).

CAPITULO II. DAS CONDICIONS DE SALUBRIDADE, SEGURIDADE E ORNATO PUBLICO DAS EDIFICACIONES E SOARES.

Artigo 8. Os propietarios de vivendas ou instalacións estarán na obriga de mantelas en condicións de seguridade, salubridade o ornato público con suxección as normas mínimas de habitabilidade e de protección do patrimonio histórico. Estarase ó procedemento disposto no Regulamento de disciplina urbanística de Galicia no tocante o deber de conservación e ruína.

No caso de acondicionamento de rúas e prazas públicas polo Concello, éste poderá emitir ordes de execución tendentes ó embelecemento do núcleos urbanos nas áreas rehabilitadas.

Artigo 9. Os propietarios de soares deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, maleza, entullos e residuos sólidos urbanos.

O Alcalde ou concelleiro delegado, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, iniciará o procedemento poñendo en coñecemento do propietario ou propietarios do terreo, e tralo informe dos servizos técnicos e con audiencia ó interesado, ditará resolución na que sinalarán as deficiencias e ordenará as medidas precisas para correxilas e fixará un prazo para a súa execución.

Transcorrido o prazo concedido sen que os obrigados executaran as medidas establecidas o alcalde ou concelleiro delegado ordenará a incoación do procedemento sancionador.

Na resolución, ademáis, requirirase ó obrigado para que proceda á execución da orde que, de non a cumprir, se levará a cabo por execución subsidiaria do Concello sendo por conta do obrigado o importe dos gastos, danos e prexuízos causados que poderán ser esixidos polo vía de constrinximento.

CAPITULO III. DAS MEDIDAS DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Artigo 10. Os propietarios de terreos incluídos en solo rústico ou os propietarios ou administradores das prantacións de árbores existentes á entrada en vigor desta ordenanza, deberán realizar tarefas de limpeza de maleza e de calquer material que facilite á propagación do lume.

Para realizar estas tarefas de limpeza de maleza os particulares ou as comunidades de montes poderán solicitar o servizo do tractor forestal do Concello segundo se establece no artigo 27.

Artigo 11. Establecese unha liña de protección contra incendios forestais de 100 metros, contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou

rurais na que os terreos deberán estar libres de maleza ou calqueira outro material que facilite a propagación do lume.

Artigo 12. Os propietarios de terreos en solo rústico incluídos unha área de protección de 100 metros contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais estarán obrigados a realizar tarefas de limpeza de maleza.

O Alcalde ou concelleiro delegado ordenará a instrución do correspondente expediente de acordo co disposto no artigo 9 desta Ordenanza.

Para realizar as tarefas de limpeza poderán solicitar o servizo do tractor forestal do Concello segundo se establece no artigo 27.

Artigo 13. Nos núcleos urbanos e rurais queda prohibido plantar árbores, agás cando sexa de forma illada e con fins ornamentais e hortícolas, ou ben en pequenos grupo que non ocupen unha superficie superior a 50 metros.

Artigo 14. As prantacións de árbores de calqueira natureza que se efectúen en terreos ou soares que teñan coma lindeiros unha estrada municipal deberán estar retirados como mínimo a 4 metros lineais do borde desta.

Artigo 15. As prantacións de árbores de calqueira natureza que se efectúen en terreos ou soares deberán estar retirados como mínimo a 3 metros dos lindes.

CAPITULO IV. INFRACCIONS E SANCIONS.

Artigo 16. Constitúe infracción desta ordenanza as accións ou omisións que vulnere as precripcións contidas no articulado desta:

1. Non cumprir a orde de execución das obras para manter os terreos, urbanizacións, edificacións, ou instalacións en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, tal como dispoñen os artigos 199 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística, 24 do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, e 10 do Regulamento de Disciplina Urbanística.
2. Non respecta-las medidas preventivas de protección contra incendios forestais, incumprindo o deber de manter os terreos e/ou construcións libres de maleza ou de calquera outro material que facilite a propagación do lume, dentro das distancias de seguridade sinaladas.
3. Realizar novas plantacións de árbores dentro da franxa de protección fixada.

Artigo 17. As infraccións ás que se refire o artigo anterior serán sancionadas con multa coercitiva que oscila entre os 60,00 e os 3.000,00 euros.

1.- As infraccións desta ordenanza clasificaranse en moi graves, graves e leves.

1.a) Son infraccións moi graves aquelas accións e/ou omisións que afecten a salubridade e seguridade de terreos, edificacións e instalacións, en solo urbano e solo de núcleo rural así como nas áreas de protección establecidas.

1.b) Son infraccións graves as accións e omisións que constitúan incumprimento das ordes de execución dictadas así coma a nova plantación de coníferas dentro da franxa de protección fixada nesta ordenanza.

1.c) Son infraccións leves as que non teñan o carácter de moi graves ou graves.

2.- En ningún caso poderá o Concello deixar de adoptar as medidas tendentes a restaura-la orde urbanística vulnerada así coma a facer efectivas as medidas de prevención e protección contra incendios forestais, polo que procederá , tralo apercibimento, á execución subsidiaria realizando as correspondentes actuacións, por si ou a través das persoas que determine, a custa do obrigado.

Artigo 18. O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o Alcalde , conforme co disposto no artigo 21.1k) da Lei 7/1985, sen perxuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local ou nun concelleiro.

Artigo 19. A potestada sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no regulamento aprobado polo D. Decreto 1398/93.

Artigo 20. Sen perxuízo de esixir, cando procede, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes ás infraccións dos preceptos desta ordenanza, en material de limpeza de soares e plantacións, as sancións serán as seguintes:

- a) Infraccións leves, multas dende 60,00 a 300,00 euros.
- b) Infraccións graves, multa dende 301,00 a 1.000,00 euros.
- c) Infraccións moi graves, multa dende 1.001,00 ata 2.000,00 euros.

Artigo 21. Contra as resolucións da Alcaldía ou órgano competente, nas que se reflicten ás ordes de execución que poñan fin a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense.

CAPITULO IV. PROCEDEMENTO E TAXA PARA A UTILIZACION DOS SERVICIOS DO TRACTOR DESBROZADORA MUNICIPAL.

Artigo 22. Constitúe o obxecto da exacción a utilización da maquinaria de propiedade municipal, en especial, o tractor desbrozadora e a pá retroexcavadora , solicitado a instancia de persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas.

Artigo 23. O feito impoñible está constituído pola prestación do servizo con maquinaria do parque municipal. O Servizo, trala xustificación do interese público, pode ser susceptible de ser prestado fóra do termo municipal.

Artigo 24. A Obriga de contrubuír nacerá dende o momento en que teña lugar a prestación do servizo e se utilice a maquinaria do Concello.

Artigo 25. Estarán obrigados ó pagamento aquelas persoas naturais naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que soliciten mediante instancia a prestación do servizo.

Artigo 26. As tarifas que se aplicarán serán as seguintes.

- a) Utilización do tractor desbrozadora 30 euros/ hora
- b) Utilización da pá retroexcavadora: 21 euros/hora.

Artigo 27. Todo usuario do servizo de maquinaria deberá solicitalo por escrito mediante modelo oficial que se servirá nas oficinas municipais.

A petición formulada será resolta pola Alcaldía ou Concelleiro delegado, segundo a dispoñibilidade, sen que sexa obrigado acceder ó solicitado polo interesado.

Acordada a prestación do servizo éste poderá suspenderse por razóns de interese público o que se comunicará inmediatamente ó usuarios sen que este teña dereito a indemnización ou contraprestación de resarcimento ó seu favor.

Artigo 28. Prestado o servizo e practicada a notificación da resolución o interesado procederá a aboa-la liquidación practicada.

As cotas non satisfeitas faranse efectivas polo procedemento de constrinximento administrativo, cando transcorra un mes dende o seu vencemento. Será de aplicación o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 29. En todo o relativo a infraccións e ás súas distintas cualificacións, así coma ás sancións que poideran corresponder estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 30. As tarifas establecidas na presente ordenanza estarán vixentes para o exercicio económico de 2012 e incrementaranse nun 2% cada ano.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo sinalado no artigo 65.2 da lei 7/1985 de 2 de abril.

A Veiga, 20 de xullo de 2012.

O Alcalde,

Asdo.: Edesio Yáñez Gómez

